



Acta de constitución da Xunta de Goberno do Colexio Provincial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local de A Coruña de data 12 de decembro de 2.012.

No local social do Colexio de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local, sito no Cantón Grande nº 6 da cidade de A Coruña, sendo as dezasete horas e trinta minutos (17:30), do día doce de decembro de 2012, reúnense os membros electos da Xunta de Goberno que resultaron elixidos na Asemblea Electoral celebrada o 1 de decembro de 2012, que foron convocados en debida forma para esta sesión constitutiva.

Cargos directivos sen adscrición a ningunha subescala

José Antonio Rueda de Valenzuela
María Cruz Andrade García
José Ramón Alonso Fernández
Vicente Calvo del Castillo

Cargos directivos con adscrición á subescala de Secretaría

Virginia Fraga Díaz
José María Vázquez Pita
Rosa Ana Prada Queipo

Cargos directivos con adscrición á subescala de Intervención-Tesorería

Marcial Rodríguez Toajas
Manuel Roel Hernández-Serrano
Pilar Canzobre Méndez

Cargos directivos con adscrición á subescala de Secretaría-Intervención

José Antonio Gómez Pedreira
Constantino Cobas Cotelo
Beatriz Bouza Pico

Á vista da concorrencia de todos/as os/as electos/as, e despois da aceptación do cargo e cumprir co requisito de prestar xuramento ou promesa, declárase constituída a Xunta de Goberno deste Colexio provincial.

A continuación se procede á elección dos cargos de Presidente/a, Vicepresidente/a, Secretario/a, Interventor/a e Tesoureiro/a, da Xunta de Goberno do Colexio Provincial, resultando designados/as por maioría absoluta dos asistentes (oito votos a favor e cinco en contra) os seguintes:

Presidente: José Antonio Rueda de Valenzuela
Vicepresidenta: María Cruz Andrade García
Interventor: Manuel Roel Hernández-Serrano
Tesoureiro: Marcial Rodríguez Toajas
Secretaria: Rosa Ana Prada Queipo
Secretario suplente: Constantino Cobas Cotelo



Co cal dáse por constituída a Xunta de Goberno nos termos expostos.

Á seguir, acórdase por maioría absoluta designar as seguintes representacións:

Representantes do Colexio Provincial da Coruña na Asemblea do Colexio Nacional:

A continuación procédese á elección dos representantes do Colexio na Asemblea do Consejo General de Cosital, resultando designados/as por maioría absoluta dos asistentes (oito votos a favor e cinco en contra) os seguintes:

- Marcial Rodríguez Toajas,
- Manuel Roel Hernández-Serrano,
- Rosa Ana Prada Queipo,
- Vicente Calvo del Castillo.

Finalizada a votación dona Virginia Fraga Díaz solicita a palabra e pide que conste expresamente na acta que o voto en contra dela mesma, don Vicente Calvo del Castillo, don José maría Vázquez Pita, dona Pilar Canzobre Méndez e dona Beatriz Bouza Pico non é a nivel persoal contra ningunha das persoas elixidas senón porque coa proposta aprobada consideran que non está ben representado o colectivo de compañeiros/as que lles respaldaron co seu voto na Asemblea do 1 de decembro.

De seguido dáse conta da acta de arqueo nesta data que presenta o seguinte resultado:

Nova Galicia Banco	1.313,85 €
BBVA	84,25 €
La Caixa	2.217,67 €
Banco Gallego	- €
Existencias en caixa	62,35 €
Total	3.678,12 €

A continuación, trátanse por urxencia os seguintes asuntos:

Aprobación de conta xustificativa do Convenio coa Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.

Vista a conta xustificativa da aplicación da subvención concedida pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para o exercicio 2012, por un importe de gastos de 20.045,97 euros, e de acordo co establecido no artigo 28 da Lei 9/2007 e na cláusula terceira do Convenio de colaboración, despois do seu estudo, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda aprobar a conta xustificativa presentada pola Presidencia ante o organismo subvencionador.

Proposta presentada polos Colexios Territoriais de Pontevedra e Ourense en relación á modificación de determinados aspectos do marco xurídico



autonómico regulador do réxime xurídico dos funcionarios con habilitación de carácter estatal.

Polo señor presidente dáse conta da proposta presentada polo Colexio Territorial de Pontevedra en relación á modificación do réxime disciplinario dos funcionarios con habilitación de carácter estatal.

Despois de analizar o seu contido, por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno acórdase deixar este asunto sobre a mesa, para o seu un mellor estudo.

Polo señor presidente dáse conta da proposta presentada polo Colexio Territorial de Ourense en relación á modificación do réxime que regula a agrupación de municipios para o sostemento en común de postos reservados.

Infórmase favorablemente dita proposta, incorporando á mesma a engádegas **formulada** por Beatriz Bouza Pico (en relación á necesidade de someter a informe do Colexio Territorial correspondente a Memoria económica incorporada ao expediente da agrupación), así como as plantexadas por D. José Antonio Rueda de Valenzuela, en representación do Colexio Territorial de A Coruña, na sesión celebrada o día oito de novembro en Santiago de Compostela con representantes do resto dos Colexios Territoriais, de tal xeito que o texto informado favorablemente é o que se recolle como ANEXO I deste acta.

Remisión dunha comunicación aos concellos da provincia da Coruña.

Tamén se acorda, por unanimidade, que con ocasión **da renovación dos órganos directivos do Colexio** se remita comunicación a todos os concellos da provincia de A Coruña para explicarles a función dos/as funcionarios/as de administración local con habilitación de carácter nacional, secretarios, interventores e secretarios-interventores, e coa intención de que as prazas vacantes sexan cubertas polos procedementos legalmente establecidos, evitando os nomeamentos accidentais.

ANEXO I.

PROPOSTA DO COLEXIO DE OURENSE DE MODIFICACIÓN DA SECCIÓN 2ª DO CAPÍTULO II DO RD 49/2009 NO TOCANTE Á CONSTITUCIÓN E DISOLUCIÓN DE AGRUPACIÓNS PARA O SOSTEMENTO DE POSTOS RESERVADOS:

NOTA PREVIA.- *Subliñadas, as propostas de emenda sobre o orixinal efectuadas polo Colexio Territorial de A Coruña.*

Subsección primeira. Agrupacións

Artigo 11. *Agrupacións.*

1. Os concellos limítrofes que por insuficiencia de recursos económicos non puideren soste os postos reservados a funcionarios con habilitación con carácter estatal poderán agruparse entre si para o único efecto de sostemento en común dos postos que lle correspondan de acordo coa súa clasificación.

NOTA: Débese esixir que os concellos agrupados sexan limítrofes. Deste xeito evitase a posibilidade de agrupación de concellos que estean xeograficamente alonxados, o cal na practica contribuiría a facer notoriamente mais dificultoso o desempeño do posto reservado agrupado.



2. Unicamente procederá efectuar agrupacións de concellos, ata un máximo de dous, cuxa secretaría estea clasificada en clase terceira para o sostemento en común deste posto, así como para o desempeño en común de postos de colaboración.

NOTA: A agrupación de postos reservados débese reducir a concellos cuxa secretaría estea clasificada en clase terceira, así como aos postos de colaboración que poidan existir nestes concellos. Sendo consecuentes co límite ás agrupacións voluntarias que se inclúe mais adiante, non se entende que proceda a agrupación de postos reservados en concellos clasificados en clase segunda para o sostemento de postos de intervención e tesourería, posto que nestes casos dificilmente se pode soste o argumento da insuficiencia de recursos económicos á vista das ratios actuais de poboación e orzamento que determinan esta clasificación. Consecuentemente, deberíase suprimir, por innecesario, o actual apartado segundo do artigo 11.

O que aquí se pretende implica modificar unha previsión establecida polo Decreto 49/09 por reprodución directa do previsto na norma estatal. É por tanto unha previsión plenamente "consolidada" na nosa tradición normativa. Non debe obviarse ademais que o que se plantexa é contrario -en principio- ás medidas de aforro e eficiencia teoricamente pretendidas ca norma a modificar. Débese por elo incidir no feito de que a realidade subxacente é agora substancialmente distinta á existente no momento de ditar aquelas normas, e que o contexto actual demanda un reforzamento das funcións reservadas, como garantía dun mellor funcionamento dunhas entidades en que os FHE serán, con toda probabilidade, o único persoal cualificado.

3. (antigo 4) Se no momento da aprobación da agrupación, todos os postos reservados nas entidades agrupadas estivesen cubertos con carácter definitivo por funcionarios/as de habilitación estatal, a provisión do posto ou postos resultantes efectuarase de acordo co estipulado nos estatutos da agrupación a favor daquel que teña mais puntuación no derradeiro baremo de méritos xerais. O/a funcionario/a que, como consecuencia do anterior, cesase no seu posto de traballo, asignaráselle un posto de traballo da súa subescala e categoría na agrupación, cuxa remuneración non será inferior en máis de de dous niveis ao do posto que lle correspondía. O dito posto, que se declarará "a extinguir", terá atribuídas as funcións colaboración, apoio e asistencia xurídica ou económica que lle atribúan os estatutos da agrupación e nel poderase permanecer ata obter outro, voluntariamente, polos procedementos de provisión", propónse a seguinte redacción "O/a funcionario/a que, como consecuencia do anterior, cesase no seu posto de traballo, asignaráselle un posto de traballo da súa subescala e categoría na agrupación, cuxa remuneración non será inferior en máis de de dous niveis respecto do complemento de destino e na mesmo proporción como máximo respecto do complemento de específico ao do posto que lle correspondía. O dito posto, que se declarará "a extinguir", terá atribuídas as funcións colaboración, apoio e asistencia xurídica ou económica que lle atribúan os estatutos da agrupación e nel poderase permanecer ata obter outro, voluntariamente, polos procedementos de provisión".

NOTA: A posibilidade de que a agrupación de concellos supoña o traslado forzoso do habilitado estatal cando estivera desempeñando un posto obtido a través dun sistema de provisión definitivo supón conculcar o dereito á inamabilidade na súa condición de funcionario de carreira que recoñece o artigo 14 a) do EBEP.

A redacción actual deste artigo vulnera o artigo 141.1 do Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril (norma de rango legal non regulamentario) e o artigo 45 do RD 1174/1987, de 18 de setembro que establece unha garantía non exercicio das funcións reservadas: *"De acordo co establecido nos artigos 141.1 e 151.a) do Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, os funcionarios con habilitación de carácter nacional gozarán do dereito á inamabilidade na residencia e non poderán ser destituídos dos postos a eles reservados nas Entidades Locais e que desempeñasen en virtude de concurso de méritos, nin separados do servizo, senón por resolución do Ministerio de Administracións Públicas, adoptada en virtude de expediente disciplinario incoado e tramitado conforme ás disposicións legais aplicables."* Constitúe, de igual xeito, unha excepción ao réxime establecido no artigo 81 do EBEP no tocante ao réxime de mobilidade do persoal funcionario de carreira, posto que neste caso estamos ante un caso de mobilidade forzosa que vai mas aló do establecido neste artigo, en claro prexuízo dos dereitos do funcionario de habilitación estatal que desempeñe ese posto con carácter definitivo.

A actual redacción vulnera o dereito do habilitado cesante á praza conseguida en propiedade e contradí os arts 19 e seguintes do propio Decreto 49/2009 que regula a provisión por concurso como definitiva e podería vulnerar un dereito consolidado contradicindo o art. 9.3 da Constitución "irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restrictivas de dereitos individuais".

Así mesmo, a actual redacción supón un agravio comparativo entre o habilitado que obtivo a praza en propiedade mediante concurso (sistema de provisión definitiva) e o habilitado que obtivo a praza en propiedade polo sistema de libre designación, que en caso de ser cesado ten dereito a outro posto de traballo da súa subescala e categoría na mesma corporación cunha remuneración non inferior en máis de 2 niveis (art. 38 Decreto 49/2009). Polo cal, na proposta de modificación deste artigo aconséllase a aplicación aos funcionarios que cesen no seu posto do mesmo réxime establecido no artigo 38 do Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, para os funcionarios que cesan en postos de libre designación.



Esta comparación ca libre designación pode resultar improcedente, xa que no caso desta a garantía dun posto de traballo na mesma corporación pretende reforzar a independencia dun FHE que se sabe libremente "removible". En cambio, no caso que aquí se plantexa a situación resulta ser totalmente diferente, xa que o cese non derivaría da vontade do órgano político que tivera designado libremente ao funcionario, senón a unha situación de insuficiencia financeira sobrevida. Por tanto, a independencia do funcionario no xoga papel algún neste caso.

Adicionalmente, e reiterando o antes indicado ao respecto do sostemento en común de postos de Intervención, o que aquí se pretende implica modificar unha previsión establecida polo Decreto 49/09 por reprodución directa do previsto na norma estatal. É por tanto unha previsión plenamente "consolidada" na nosa tradición normativa. Non debe obviarse ademais que o que se plantexa é contrario -en principio- ás medidas de aforro e eficiencia teoricamente pretendidas ca norma a modificar. Débese por elo incidir no feito de que a realidade subxacente é agora substancialmente distinta á existente no momento de ditar aquelas normas, e que o contexto actual demanda un reforzamento das funcións reservadas, como garantía dun mellor funcionamento dunhas entidades en que os FHE serán, con toda probabilidade, o único persoal cualificado.

Se tan só un dos postos reservados a agrupar figurase cuberto con carácter definitivo por un funcionario con habilitación estatal e os demais con carácter temporal, quedaría como titular do posto resultante o primeiro deles revogándose os restantes nomeamentos polo órgano autonómico competente.

Subsección segunda. Agrupación voluntaria de municipios.

Artigo 12. *Constitución de agrupacións voluntarias de municipios.*

1. O funcionamento das agrupacións voluntarias de municipios para o sostemento en común de postos reservados regularase polos estatutos que redactará unha comisión integrada de representantes dos municipios, designados polos seus plenos. Nos devanditos estatutos fixarase, necesariamente, a participación económica de cada concello, así como o réxime de dedicación do persoal a cada un deles.

2. Unicamente poderán agruparse voluntariamente concellos limítrofes cunha poboación inferior a 1.000 habitantes e orzamento inferior a 300.000,00 euros e que cumpriran con estes criterios de poboación e orzamento en cada un dos tres anos inmediatamente anteriores ó acordo de iniciación da agrupación.

Nota.- A redacción inicial referíase a 900 habitantes e un orzamento de 240.404 €, "equivalentes" ao dobre das cifras previstas para a agrupación forzosa. Desde o Colexio de A Coruña propúxose o cambio a 1.000 habitantes (que si é o dobre dos 500 previstos para a agrupación forzosa), e 300.000 €, por ser este o límite sinalado pola norma para o emprego do modelo básico da instrución de contabilidade (Orde EHA/4040/2004, de 23 de novembro). Así, en ambos casos se delimitaría a través desta cifra Concellos que pola súa menor entidade merecen un tratamento xurídico especial.

NOTA: O establecemento de criterios de poboación e orzamento máximos para a agrupación voluntaria de municipios constitúe unha garantía de carácter obxectivo que limite a agrupación de postos reservados en concellos clasificados en clase terceira, atendendo á capacidade económica real destas corporacións de manter efectivamente o desempeño de postos reservados, con independencia de criterios de oportunidade e conveniencia política. Ao non existir uns criterios obxectivos mínimos como na agrupación forzosa (poboación inferior a 500 habitantes e orzamento inferior a 120.202 €, art. 14 en relación co 7), se non somentes un criterio indeterminado e frecuente hoxe en día na realidade dos concellos (insuficiencia de recursos económicos, art. 11), se corre o risco de que dous alcaldes se poñan de acordo para eliminar a un secretario-interventor que lle resulta molesto e favorecer a agrupación para o outro secretario-interventor máis receptivo ós intereses políticos de turno, esto podería supoñer un ataque a independencia do secretario-interventor no exercicio das funcións, pois o Alcalde de turno pode amenazalo coa agrupación con outro concello onde exista o mesmo color político e o secretario sexa menos incomodo, polo tanto o secretario no exercicio das súas funcións vese condicionado por unha espada de damocles que pode atacar a súa obxectividade profesional e o Alcalde ten un mecanismo legal para desfacerse do habilitado incomodo pola porta de atrás.

Artigo 13. *Procedemento para a constitución dunha agrupación voluntaria de municipios:*

a) "Iniciación por acordo das corporacións ou entidades locais interesadas adoptado por maioría simple, no que se realizará unha proposta sobre a clasificación do posto resultante, que en ningún caso poderá ter unhas retribucións nin complemento de destino inferior ao posto reservado que as tivera superiores. O expediente de constitución deberá conter, cando menos, unha memoria xurídica e económica xustificativa da insuficiencia de recursos económicos que motiven a agrupación" proponse a seguinte redacción "Iniciación por acordo das corporacións ou entidades locais interesadas adoptado por maioría simple, no que se realizará unha proposta sobre a clasificación do posto resultante, que en ningún caso poderá ter unhas retribucións por todos os conceptos retributivos inferior ao posto reservado que as tivera superiores. O expediente de constitución deberá conter, cando menos, unha memoria xurídica e económica xustificativa da insuficiencia de recursos económicos que motiven a agrupación".

En dita Memoria deberá quedar acreditada a imposibilidade de emendar por outras vías (reforma ou eliminación dos medios materiais, financeiros ou persoais adscritos a servizos improprios ou non obrigatorios asumidos voluntariamente



polos Concellos implicados) a insuficiencia de recursos que motive a agrupación, de xeito que a merma de medios destinados ás funcións reservadas que a agrupación implica so poida ser abordada cando se demostre a imposibilidade de acadar un aforro similar por vías alternativas, que non supoñan un debilitamento da función de asesoramento e control da actividade política.

Dita memoria será sometida ao informe do colexio territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local correspondente.

NOTA: A esixencia dunha memoria xurídica e económica constitúe un requisito mínimo de motivación da insuficiencia de recursos, único presuposto de feito que lexítima acudir á figura da agrupación.

b) Sometemento do expediente, no que se incluírá o proxecto de estatutos, a información pública durante o prazo dun mes mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia.

No caso de que os postos a agrupar estean ocupado por funcionarios/as con habilitación estatal notificaráselles o acordo para que, no prazo de quince días, formulen as alegacións que estimen convenientes.

c) Informe da deputación ou deputacións respectivas e informe da Delegación do Goberno da Comunidade Autónoma. Tales informes deberán ser emitidos no prazo dun mes, a partir da súa solicitude, entendéndose favorables de non recibirse no referido prazo.

d) Aprobación definitiva da agrupación e do proxecto de estatutos que a rexerán, adoptado co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros de cada unha das entidades a agrupar. No dito acordo constará a proposta dirixida á consellería competente en materia de réxime local sobre a clasificación do posto resultante da agrupación.

e) Remisión do expediente completo á consellería competente en materia de réxime local. Formarán parte deste expediente, entre outros:

E.1 A memoria xurídica e económica xustificativa da insuficiencia de recursos económicos que motiven a agrupación.

E.2 As certificacións expedidas polas secretarías de cada entidade relativas aos acordos aos que se refiren os apartados anteriores deste artigo.

E.3 Os informes aos que se refire o apartado sinalado coa letra c) deste artigo ou, se é o caso, certificación acreditativa da recepción da petición dos informes e da súa non emisión en prazo.

E.4 O proxecto de estatutos dilixenciado como aprobado definitivamente.

E.5 As certificacións expedidas polas secretarías de cada entidade relativas á poboación e aos orzamentos ordinarios dos tres anos inmediatamente anteriores ó acordo de agrupación.

Visto o expediente, a consellería competente en materia de réxime local elevará proposta de resolución ao Consello da Xunta de Galicia,, o cal resolverá.

f) Publicación do Decreto do Consello da Xunta polos que se constitúe a agrupación voluntaria de municipios no Diario Oficial de Galicia e no boletín ou nos boletíns oficiais das respectivas provincias.

g) A constitución da agrupación seralle comunicada, pola consellería competente en materia de réxime local, á Administración xeral do Estado.

Subsección terceira. Agrupación forzosas de municipios.

Artigo 14. *Agrupacións forzosas de municipios.*

O Consello da Xunta de Galicia poderá acordar a agrupación daqueles municipios nos que a poboación e os recursos ordinarios non superen as cifras que determine expresamente a Administración xeral do Estado, no seu defecto, as do artigo 7 do presente decreto, co obxecto de soste en común un posto único de secretario.

NOTA: Coa mesma motivación sinalada na nota ao artigo 11.2 debería suprimirse o actual apartado segundo deste artigo 14: "Asimismo, deberá acordarse a agrupación de concellos nos que as secretarías estean catalogadas como de segunda ou de terceira clase, a fin de soste en común un posto único de interventor".

E, non habendo máis asuntos que tratar, sendo as dezoito horas e trinta minutos, (18:30), pola Presidencia se levanta a sesión, do que, como Secretaria, certifico

Visto e Prace
O presidente

A secretaria